


CERT DE REC 16/05/2015



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Enerxía e Minas

Edificio Advo. San Caetano, s/n
bloque 5 - 4ª planta
15781 Santiago de Compostela



EXPEDIENTE: IN519B 2015/10-0

ASUNTO: AXUDAS DESTINADAS Á HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Concello de Cambados presentou dentro do prazo estipulado unha solicitude de axuda encamiñada á habilitación e mellora da infraestruturas do seu parque empresarial

A documentación presentada non reúne os requisitos esixidos na Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B) (DOGA núm. 57, do 25.03.2015).

Para emendar o expediente debe achegar o abaixo indicado nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día seguinte á recepción desta comunicación, tal como establece o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Relación dos documentos:

- Certificado de débedas fronte Atriga do Concello de Ribadumia.
- Planos da actuación a escala axeitada, nas que se poidan diferenciar as actuacións desenvolvidas no ano 2014 e as actuacións que se pretenden desenvolver no ano 2015.

A documentación que non sexa orixinal deberá atoparse debidamente compulsada.

De non achegar a documentación requirida no prazo sinalado, terase por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Na súa contestación deberá sinalar o número do expediente.

Santiago de Compostela

A xefa de servizo de Administración Industrial

María Rodríguez Sampedro

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA


REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 15/05/2015 14:03:20

SAÍDA 46210 / RX 643198



Concello de Cambados
Praza do Concello 1
36630 Cambados



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE
GALICIA



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS



ILMO. CONCELLO
DE RIBADUMIA

CONTRAT

L.A./m.m.
Contratación



Subsanación documentación
Expte: IN519B 2015/10-0

Xunto cómpreme remitirilles a documentación interesada, aos efectos de unir ao expediente de solicitude de subvención en trámite, relativa á "Sinalización, pintado e beirarrúas no polígono industrial de O Salnés (Cambados-Ribadumia) Fase II".

Cambados, 11 de xuño de 2015.

O ALCALDE



D. Luís Aragunde Aragunde.

CONCELLO DE CAMBADOS
REXISTRO XERAL

11 JUN. 2015

Entrada nº
Saída nº 2015/2015

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
Edificio Admivo. San Caetano, s/n
Bloque 5-4ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

31.07.2015
Cont. recuse
31/7/2015

CONTRAT



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de
Energía e Minas

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL

Data 29/07/2015 10:25:59

SAÍDA 73277 / RX 1020522



EXPEDIENTE: IN519B 2015/10-0

ASUNTO: NOTIFICACIÓN DE ARCHIVO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN


Mediante este documento notifícase ao Concello de Cambados a resolución da Consellería de Economía e Industria do 20.07.2015 pola que se archiva a súa solicitude de subvención para a habilitación e mellora de infraestruturas do seu parque empresarial, cofinanciadas polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (Enviase adxunta a dita resolución).

Contra esta resolución, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de xustiza de Galicia no prazo de dous mes contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.


Santiago de Compostela

A xefa de servizo de Administración Industrial

María Rodríguez Sampedro



Concello de Cambados
Praza do Concello 1
36630 Cambados



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Convocatoria: Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B). (DOGA núm. 57, do 25.03.2015)

FEITOS

- 1 O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da orde de convocatoria remataba o 25.04.2015.
- 2 Todos os concellos que se relacionan nos anexos á presente proposta de resolución presentaron as solicitudes de axuda dentro do prazo establecido.
- 3 O expediente IN519B 2015/67-0 correspóndese cunha solicitude presentada erróneamente por duplicado, polo que a solicitude non foi remitida á comisión de valoración e se recolle no anexo I.
- 4 En aplicación do artigo 9.1 das bases, procedeuse ao requirimento de documentación daqueles expedientes cuxa documentación non se axustaba á do artigo 6 das bases.
- 5 No caso dos expedientes IN519B 2015/10-0 e IN519B 2015/55-0, os solicitantes non responderon ao requirimento no prazo establecido no artigo 9.1 antedito, polo que as ditas solicitudes non foron remitidas á comisión de valoración e se recollen no anexo I.
- 6 O expediente IN519B 2015/36-0 non reúne os requisitos esixidos nas bases reguladoras (punto 6.4) e non presentou toda a documentación que se lle requiriu o 12.05.2015, polo que a solicitude non foi remitida á comisión de valoración e se recolle no anexo I
- 7 O 07.07.2015 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas(órgano instrutor) informou que o resto das solicitudes recibidas son admitidas a trámite ao cumprir cos requisitos previstos na convocatoria.
- 8 O 09.07.2015 reuníuse a comisión de valoración establecida no artigo 10 das bases reguladoras para valorar as solicitudes indicadas no punto anterior seguindo os criterios establecidos no artigo 11 Criterios de Valoración.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A Comisión constatou a viabilidade técnica e económica das solicitudes, determinou o investimento subvencionable correspondente a cada expediente e a continuación confeccionou unha lista ordenada e priorizada, por orden de puntuación, das solicitudes